



**ACTA DA SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA POLO PLENO DA
CORPORACIÓN EN DATA 15 DE MARZO DE 2017.**

ASISTENTES:

ALCALDESA-PRESIDENTA:

D^a. María Loureiro García.

CONCELLEIROS:

D. Jesús Antonio Fernández Cal, D^a. M^a. Isabel Rodríguez López, D. Jesús Fernández Fernández, D. Emilio Villarrea Méndez, D^a. María Soledad Rey Yáñez, D^a. María del Carmen Franco Díaz, D. Bernardo José Fraga Galdo, D. Manuel Galdo Dopico, D^a. Saray Blanco Canoura, D. Antonio José Bouza Rodil, D. Celestino Valentín García Paz, D^a. M^a Jesús Vale López, D^a. María Cristina Goás Fernández e D. Marcos Besada Álvarez

SECRETARIA XERAL

D^a. M^a Luz Balsa Rábade

INTERVENTOR (POR DELEGACIÓN)

D. Sergio Aguado Delicado

Na Casa do Excmo. Concello de Viveiro, sendo as vinte horas e trinta minutos do día quince de marzo de dous mil dezasete, reúnen-se, en primeira convocatoria, os Sres. Concelleiros citados anteriormente, ó obxecto de celebrar a sesión extraordinaria do Pleno da Corporación, baixo a Presidencia da Sra. Alcaldesa, asistida de mín, que como Secretaria Xeral, certifico do acto do Concello.

Excusan verbalmente a súa asistencia verbalmente os concelleiros D. Jaime Eduardo de Olano Vela e D^a. Lara Fernández Fernández-Noriega.

Comprobado pola Secretaría a existencia do quórum necesario, declárase pola Sra. Alcaldesa aberta a sesión, polo que se procede a tratar os asuntos incluídos na Orde do Día.

1ª PARTE

PARTE RESOLUTIVA



1.- APROBACIÓN DA ACTA DO PLENO DE DATA 1 DE FEBREIRO DE 2017.

Non existindo obxeccións apróbase por unanimidade a acta da sesión de data 01/02/2017.

2.- ADHESIÓN AO CONVENIO ENTRE A FEGAMP E AS EMPRESAS SUMINISTRADORAS DE ENERXÍA PARA A PROTECCIÓN DAS PERSOAS E FAMILIAS EN SITUACIÓN DE VULNERABILIDADE OU URXENCIA SOCIAL NA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA A TRAVÉS DA COORDINACIÓN COS SERVIZOS SOCIAIS MUNICIPAIS.

EXPTE. 1452/2017.

Visto o convenio entre a Federación Galega de Municipios e Provincias (FEGAMP) e as empresas subministradoras de enerxía para a protección das persoas e familias en situación de vulnerabilidade ou urxencia social na Comunidade Autónoma de Galicia a través da coordinación cos servizos sociais municipais.

Visto que consta no expediente informe de intervención municipal no que se sinala que no orzamento de 2017, prorrogado de 2016, existían uns créditos iniciais na aplicación orzamentaria 2310.480 (Axudas emerxencia social.S. Sociais) de 20.000 € e os créditos dispoñibles á data da emisión do informe son de 14.102,65 €.

Vista a proposta da Alcaldía para a adhesión ao referido convenio.

Resultando que este asunto foi dictaminado favorablemente pola Comisión Informativa de Benestar Social en data 10 de marzo de 2017.

Procédese pola Sra. Alcaldesa á apertura do debate.

Intervén a Sra. Alcaldesa para dicir que se trata da adopción dun acordo que contempla a posibilidade de que cando unha familia non pode abonar unha factura de luz, por parte de Servizos Sociais se valore a situación e se costee o pago da mesma mediante axudas sociais. O Concello xa viña realizando esta cuestión, o que cambia agora é o protocolo pero o fin é o mesmo. Sinala que con este convenio se gaña porque agora cando chegaba un veciño co problema o corte do suministro xa se producira ou estaba a piques de producirse, e o que se pretende coa adhesión ao convenio e que xa non se chegue a ese corte. Indica que no 2016 o Concello se tramitou o pago de recibos de 30 familias, 20 delas a cargo do Concello e o resto de entidades como Cáritas.



Intervén D^a. Cristina Goás Fernández, en representación do grupo do P.P., para dicir que quere que conste en acta que se trata dunha iniciativa do grupo municipal do P.P. Indica que se trata dun asunto que saiu o 18 de xaneiro, e que dende esa data xa se podía poñer calquer concello en contacto coa Fegamp, que o P.P. plantexou esta iniciativa e que se alegran de que se aceptara, xa que consideran que é bo para Viveiro.

Intervén a Sra. Alcaldesa para dicir que este tema xa se aclarou na Comisión Informativa. Sinala que a comunicación do convenio chegou ao Concello o 20 de xaneiro e a proposta do P.P. é do 13 de febreiro. Engade que se avaliou a adhesión ao convenio, e que dende o 1 de febreiro o seguinte pleno é o de hoxe, polo que para o pleno de febreiro non daba tempo a que se levase, e quere que conste en acta que non se propón a adhesión ao convenio porque o pedise o P.P. senón que se iba traer igual.

Intervén D. Bernardo Fraga Galdo, concelleiro non adscrito, para dicir que está a favor. Sinala que o P.P. oxalá tivese a mesma dilixencia cando se sube a tarifa da luz, xa que habería que apurar para baixarlle a luz á cidadanía.

Intervén o concelleiro D. Marcos Besada Álvarez, concelleiro de Son Viveiro para dicir que está a favor, posto que se trata de algo moi importante para as familias. Engade que non pode esquecerse que durante moitos anos o P.P. e o P.S.O.E. cando gobernaron non se preocuparon de que o prezo da luz a fixese inadsequible para moitas familias, cando en España se produce moita enerxía, e as subas de prezo son constantes, polo que considera que se debe pedir aos que están máis arriba novos xeitos de facer enerxía..

Intervén D^a. Cristina Goás Fernández, en representación do grupo do P.P., para dicir que non entende porque se tardou tanto en levar o convenio ao pleno se xa se estaba facendo esta xestión polo Concello.

Intervén a Sra. Alcaldesa para dicir que se trata dun trámite totalmente diferente, xa que era preciso ver as cláusulas do convenio e a parte económica. Insiste en que se trata de algo bo para o Concello, e que xa se está facendo.

Non existindo máis debate sobre este asunto, procédese á votación, acordándose por unanimidade dos presentes a adopción do seguinte acordo:

Primeiro.- Adherirse ao convenio entre a Federación Galega de Municipios e Provincias (FEGAMP) e as empresas subministradoras de enerxía para a protección das persoas e familias en situación de vulnerabilidade ou urxencia social na comunidade autónoma de Galicia a través da coordinación cos servizos sociais municipais.

Esta adhesión ten por finalidade coordinar o pagamento de axudas económicas para débedas xeradas con motivo da subministración de electricidade e/ou gas.

Segundo.- Adherirse expresamente a todas e cada unha das cláusulas co convenio mencionado, asumindo as obrigas derivadas do mesmo e con observancia de todas as



súas cláusulas, en particular as referidas ás obrigas e compromisos establecidos para entidades locais.

Terceiro.- Facultar á Sra. Alcadesa para a sinatura de cantos documentos sexan precisos para levar a cabo a adhesión referida.

Cuarto.- Dar traslado do presente acordo ao Departamento de Servizos Sociais para a realizar dos trámites que correspondan para levar a efecto a adhesión e o clausulado recollido no convenio.

3.- CAMBIO DE TITULARIDADE DE CONCESIÓNS NO CEMITERIO MUNICIPAL DE ALTAMIRA.

EXPTE. 1123/2017.

Resultando que se está tramitando o expediente número 1123/2017 de cambio de titularidad da Concesión Administrativa de uso funerario da SEPULTURA sita no CADRO: 2, FILA: 3, NÚMERO: 24 , titularidade de D. FRANCISCO RAMOS PERNAS para pasar a nome de Dona MARIA DOLORES CASAL IGLESIAS.

Visto que no expediente consta o informe do Xefe da Sección do Cemiterio Municipal de Altamira-Viveiro e informe-proposta de Secretaría.

Vista a proposta da Alcaldía para acordar o cambio de titularidade referido.

Resultando que este asunto foi dictaminado favorablemente pola Comisión Informativa de Urbanismo, Infraestructuras, Obras, Medio Ambiente e Medio Rural, en data 10 de marzo de 2017.

Non existindo debate sobre este asunto, procédese á votación, acordándose por unanimidade dos presentes a adopción do seguinte acordo:

PRIMERO. Autorizar o cambio de titularidade da concesión administrativa de uso funerario da SEPULTURA sita no CADRO: 2, FILA: 3, NÚMERO: 24 , que figura no título concesional a nome de D. FRANCISCO RAMOS PERNAS, pasando a ser titularidade de Dona MARIA DOLORES CASAL IGLESIAS.

SEGUNDO. Informar á interesada que o cambio de titularidade non se considera unha nova concesión, senón unha modificación da existente, polo que non supón unha interrupción no período de concesión orixinal, computándose o prazo máximo de outorgamento dende a data da primeira concesión (constando no Concello como data da primeira concesión 11/06/1991), **debendo solicitarse a renovación da mesma tres**



meses antes de seu vencemento (25 anos) ata un máximo de 75 anos, producíndose o remate da 1º renovación o 11/06/2016 , e a **2º renovación sería o 11/06/2041** .

Dado que a 1ª renovación sería o 11/06/2016 **enténdese con este acordo a concesión administrativa de uso funerario renovada ata a data 11/06/2041.**

TERCEIRO. Informar á interesada da súa obriga de cumprimento dos deberes recollidos no Regulamento Municipal, incluído o deber de manter as instalacións existentes na parcela da que é concesionario en óptimo estado de conservación e limpeza.

CUARTO. Notificar o presente acordo á interesada facéndolle saber que contra o mesmo poderá interpor recurso potestativo de reposición ou directamente recurso contencioso administrativo, debendo facerse constar o réxime de recursos e prazo de interposición dos mesmos na notificación que se remita ó interesado.

QUINTO. Dar traslado do presente acordo ó Departamento do Cemiterio, para o seu coñecemento e ós efectos de expedición do novo documento de título concesional, no que se debe constar a identidade do primeiro titular e data de outorgamento da primeira concesión.

EXPTE. 118/2017.

Resultando que se está tramitando o expediente número 1118/2017 de cambio de titularidad da Concesión Administrativa de uso funerario da SEPULTURA sita no CADRO : 0, FILA: 3, NÚMERO: 3 , titularidade de D. MANUEL SOTO PEÑA, para pasar a nome de Dª. ELVIRA ANA MAR MARTINEZ PERNAS.

Visto que no expediente consta o informe do Xefe da Sección do Cemiterio Municipal de Altamira-Viveiro e informe-proposta de Secretaría.

Vista a proposta da Alcaldía para acordar o cambio de titularidade referido.

Resultando que este asunto foi dictaminado favorablemente pola Comisión Informativa de Urbanismo, Infraestructuras, Obras, Medio Ambiente e Medio Rural, en data 10 de marzo de 2017.

Non existindo debate sobre este asunto, procédese á votación, acordándose por unanimidade dos presentes a adopción do seguinte acordo:

PRIMERO. Autorizar o cambio de titularidade da concesión administrativa de uso funerario da SEPULTURA sita no CADRO : 0, FILA: 3, NÚMERO: 3 , que figura



no título concesional a nome de Don MANUEL SOTO PEÑA, **pasando a ser titularidade** de Dona ELVIRA ANA MAR MARTINEZ PERNAS.

SEGUNDO. Informar á interesada que o cambio de titularidade non se considera unha nova concesión, senón unha modificación da existente, polo que non supón unha interrupción no período de concesión orixinal, computándose o prazo máximo de outorgamento dende a data da primeira concesión (constando no Concello como data da primeira concesión 23/10/1991), **debendo solicitarse a renovación da mesma tres meses antes de seu vencemento** (25 anos) ata un máximo de 75 anos, producíndose o remate da 1º renovación o 23/10/2016 , e a 2º **renovación sería o 23/10/2041** .

Dado que a 1ª renovación sería o 23/10/2016 **enténdese con este acordo a concesión administrativa de uso funerario renovada ata a data 23/10/2041.**

TERCEIRO. Informar á interesada da súa obriga de cumprimento dos deberes recollidos no Regulamento Municipal, incluído o deber de manter as instalacións existentes na parcela da que é concesionario en óptimo estado de conservación e limpeza.

CUARTO. Notificar o presente acordo á interesada facéndolle saber que contra o mesmo poderá interpor recurso potestativo de reposición ou directamente recurso contencioso administrativo, debendo facerse constar o réxime de recursos e prazo de interposición dos mesmos na notificación que se remita ó interesado.

QUINTO. Dar traslado do presente acordo ó Departamento do Cemiterio, para o seu coñecemento e ós efectos de expedición do novo documento de título concesional, no que se debe constar a identidade do primeiro titular e data de outorgamento da primeira concesión.

4.- REVISIÓN DE PREZOS DOS SEGUINTE CONTRATOS:

- **“CONTRATO DE SERVIZO DE XESTIÓN DO PUNTO LIMPO DE VIVEIRO”.**
- **“CONTRATO DE SERVIZO DE RECOLLIDA E TRANSPORTE DE RESIDUOS SÓLIDOS URBÁNS E LIMPEZA DE ESPAZOS PÚBLICOS NO TERMO MUNICIPAL DE VIVEIRO”.**

EXPTE. 1569/2017

Visto o expediente referente á revisión de prezos dos seguintes contratos:

- **“CONTRATO DE SERVIZO DE XESTIÓN DO PUNTO LIMPO DE VIVEIRO”.**



- “CONTRATO DE SERVICIO DE RECOLLIDA E TRANSPORTE DE RESIDUOS SÓLIDOS URBÁNS E LIMPEZA DE ESPAZOS PÚBLICOS NO TERMO MUNICIPAL DE VIVEIRO”.

Visto o informe emitido pola Intervención municipal, no que se conclúe o seguinte, respecto á solicitude de revisión de prezos presentada polo adxudicatario dos referidos contratos:

“(…)

a) En cuanto al **Servicio de Gestión del Punto Limpio**, en el apartado VII.3 Ejecución del contrato. de los pliegos de cláusulas administrativas particulares, establece: “El adjudicatario se compromete a mantener, durante el primer año de duración del contrato, los artículos relacionados en su oferta, a los precios detallados en ella. Los siguientes años ………., tendrá derecho a instar la revisión o modificación los precios vigentes durante el período anterior.

La revisión deberá ser en todo caso autorizada por el órgano de contratación y, en su caso, se efectuará teniendo en consideración la variación producida en el Índice de Precios al Consumo, conjunto nacional total, que elabora el Instituto Nacional de Estadística en los doce meses inmediatamente anteriores.”

El 1 de febrero de 2003 se formalizó el Contrato, con lo que las revisiones proceden en los períodos de Enero año t-1 a Enero año t, en este caso tendremos que aplicar el IPC acumulado de Enero de 2016 a Enero de 2017, que es el 3%, tal y como refleja la solicitud de revisión de Cespa, S.A. Teniendo en cuenta que durante el último período, el importe del canon mensual fue de 7.253,59 €, si se decide, por el correspondiente órgano, la aprobación de la nueva revisión para 2017, el canon mensual será $7.253,59 \times 1,03 = 7.471,20$ € IVA incluido, que es la propuesta por CESPA, S.A.

b) En referencia a la petición de revisión de canon 2015 del **Servicio de recogida y transporte de residuos sólidos urbanos y limpieza de espacios públicos**, decir que aplican una subida a toda la estructura de costes, excepto a carburantes y lubricantes, del 1,6% que es el IPC acumulado del año 2016 y por tanto se ciñe al pliego de cláusulas administrativas art. 31 apartados 2, 5 y 6. En cuanto a los carburantes y lubricantes, toman como precio base del año 2005 y aplican el incremento del índice de precios para esos productos desde el 2005 hasta el 2016 $((91,347 - 71,066)/71,066) \times 100 = 28,54\%$. Este es el % que aplican a la revisión de 2017 para el anterior concepto y se adapta al pliego de cláusulas administrativas particulares (art. 31 apartado 3) y al estudio económico que se adjunta al contrato aprobado en sesión plenaria de 19 de enero de 2006.

En definitiva aplicaron correctamente el IPC y el índice especial de lubricantes y carburantes y esto supone para el año en curso un canon de 706.234,55 € que incluye el 10% de IVA (176.558,64 €/trimestrales ; en 2016 fueron 173.464,04 €/trimestrales). Por todo lo dicho la revisión propuesta por la compañía concesionaria para el año, tanto para la gestión del servicio del punto limpio como para la recogida y transporte de RSU y limpieza de espacios públicos, se atienen a los contratos en vigor.”

Procédese pola Sra. Alcaldesa á apertura do debate.



Intervén a Sra. Alcaldesa para darlle a palabra ao Concelleiro de Facenda.

Intervén D. Jesús Fernández Fernández, concelleiro de Facenda para sinalar que no Concello se recibiu da empresa concesionaria, CESPAA, unha solicitude de actualización de prezos, referenciados ao IPC, dos dous contratos referidos. O informe de Intervención indica que a solicitude se atén aos contratos en vigor, polo que se entende correcto e viable.

Intervén D. Antonio Bouza Rodil en representación do grupo do P.P. para dicir que o informe de intervención di que esta revisión se atén aos contratos vixentes, polo que o concello cumpre co contrato. Engade que cando se acordou a prórroga do contrato de recollida de lixo o seu grupo votou en contra xa que a empresa tiña incumprimentos, como son a falta de construción da nave, deficiente lavado de colectores de lixo, a barredora non vai a algunhas zonas e tampouco cubren as baixas dos traballadores. Sinala que a prórroga remata en novembro, polo que hai que decidir nun novo proceso a empresa concesionaria, e debe haber un maior contro sobre os contratos e se non se cumpre debe plantexarse a resolución do contrato. Apunta que no ano 2000 Viveiro pagaba polo servizo sobre 500.000 euros e no 2017 sobre 700.000€, polo que entende que para o futuro alguén debería mirar isto. Como considera que non se debe ir contra dos informes dos técnicos, o seu grupo non vai votar en contra e vaise abster.

Intervén D. Bernardo Fraga Galdo, concelleiro non adscrito, para dicir que está de acordo coa existencia de incumprimentos por parte da empresa, polo que non considera que neste caso deba respetarse a opinión dos técnicos. Sinala que hai zonas nas que non limpan, non construíron a nave, polo que se a empresa non cumpre o concello tampouco debería facelo e debería polo tanto resolver o contrato. Engade que a partir de novembro de 2017 debería valorarse a posibilidade dunha xestión pública, pero que funcione, que non sexa como a da piscina municipal.

Intervén o concelleiro D. Marcos Besada Álvarez, concelleiro de Son Viveiro, integrante do Grupo Mixto, para dicir que a empresa se atopa nuns mínimos para a prestación do servizo. Resalta deficiencias no punto limpo, relatando malas experiencias persoais no momento da entrega de enseres no mesmo, tendo que ceder para poder entregalos os seus datos persoais. Sinala que dende a Deputación se ofrecen servizos de asesoramento para estudar estes contratos, entendendo que debería municipalizarse este servizo.

Intervén o concelleiro de Facenda, D. Jesús Fernández Fernández, para dicir que todos ven o que pasa, que é certo que hai carencias, e que todo é mellorable. Engade que de cara a ese novo contrato que se espera poder sacar en tempo e forma, por parte do equipo de goberno e do concelleiro de obras se está detrás da empresa para que cumpra. Respecto á nave apunta que nos últimos dez meses houbo varias reunións coa empresa para definir a construción da nave. Sinala que a cuestión é que a nave que se pode construír por 120.000€ a día de hoxe non é igual que fai 17 anos. Engade que naquel



momento non se cederon os terreos por parte do Concello para a construción e agora con ese diñeiro faríase unha nave ridícula, polo que se estivo valorando a posibilidade de que indemnizasen ao concello con esa cantidade ou construisen a nave. Apunta que a semana pasada estivo vendo co concelleiro de obras a limpeza de cada rúa e a periodicidade da limpeza en cada unha.

Intervén o concelleiro de obras, D. Jesús Fernández Fernández para comentar que hai moitas cousas mellorables e indica que o argumento da empresa é que hai un contrato e dende a súa sinatura aumentáronse moitas rúas que naquel momento non había, engadindo que de cara ao novo contrato haberá que estudar o que se quere.

Intervén D. Antonio Bouza Rodil en representación do grupo do P.P. para dicir que considera axeitado que dende sempre se estivese detrás da empresa para que cumprise, pero estes incumprimentos lévanlle a non poder entender porque se prorrogou o contrato hai dous anos, cando se debería ter resolto por incumprimento. Recalca que se debe ser moi coidadoso co novo contrato.

Intervén D. Bernardo Fraga Galdo, concelleiro non adscrito, para dicir que cando se fixo a renovación do contrato xa se advertiu que non ían construír a nave. Engade que por 120.000 euros faise unha nave pequena, pero a empresa ten que facela, xa que está estipulado no contrato. Sinala que o número de habitantes son os mesmos, aínda que haxa máis rúas. Apunta que do que se desprende das intervencións parece que xa non se vai estudar a posibilidade dunha xestión pública porque en todo momento se está falando da “nova empresa”, e propón que se estudie a municipalización do servizo, cunha boa xestión, xa que se se fai mala sí será un desastre.

Intervén o concelleiro D. Marcos Besada Álvarez, concelleiro de Son Viveiro para dicir que eses contratos tan longos levan a estes problemas, xa que as empresas velan polos seus intereses e veñen a lucrarse polo servizo.

Non existindo máis debate sobre este asunto, procédese á votación, acordándose con 7 votos a favor correspondentes ao grupo do P.S.O.E., 4 votos en contra, correspondentes aos tres concelleiros non adscritos e ao concelleiro de Son Viveiro, integrante do Grupo Mixto e 4 abstencións, correspondentes ao grupo do P.P., a adopción do seguinte acordo:

Primeiro.- Acordar a revisión de prezos, segundo o referido na respectiva documentación contractual, na documentación que consta no expediente 1569/2017 e no informe de intervención, dos seguintes contratos:

- “CONTRATO DE SERVIZO DE XESTIÓN DO PUNTO LIMPO DE VIVEIRO”.
- “CONTRATO DE SERVIZO DE RECOLLIDA E TRANSPORTE DE RESIDUOS SÓLIDOS URBÁNS E LIMPEZA DE ESPAZOS PÚBLICOS NO TERMO MUNICIPAL DE VIVEIRO”.



Segundo esta revisión de prezos, o canon mensual que terá que abonar o Concello ao contratista durante o ano 2017 será o seguinte:

“Contrato de servizo de xestión do punto limpo”: canon mensual de 7.471,20 € IVA incluído.

“Contrato de servizo de recollida e transporte de residuos sólidos urbáns e limpeza de espazos públicos no termo municipal de Viveiro”: canon de 706.234,55 € que inclúe el 10% de IVA (176.558,64 €/trimestrales.

Segundo.- Dar traslado do presente acordo ao Servizo de Contratación para a súa notificación aos interesados e a comunicación do presente acordo aos Departamentos de Tesourería e Intervención.

2ª PARTE:

PARTE DECLARATIVA

1.- MOCIÓN DA ALCALDÍA, EN REPRESENTACIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO P.S.O.E., PARA INSTAR AO MINISTERIO DE FOMENTO A INSTALACIÓN DE SINALIZACIÓN VERTICAL DO MUNICIPIO DE VIVEIRO EN DIVERSOS PUNTOS DE SAÍDA DA AUTOVÍA DO NOROESTE (A-6) E A AUTOVÍA DO CANTÁBRICO (A-8).

Vista a moción presentada pola Alcaldía, en representación do Grupo Municipal do P.S.O.E. para instar ao Ministerio de Fomento a instalación de sinalización vertical do Municipio de Viveiro en diversos puntos de saída da autovía do noroeste (A-6) e a autovía do cantábrico (A-8), que propón ao pleno a adopción dos seguintes acordos:

“Primeiro: Solicitar ao Ministerio de Fomento, e á Unidade de Estradas do Estado en Lugo, como tamén á Subdelegación de Goberno en Lugo a sinalización do municipio de Viveiro na Autovía do Noroeste (A-6), á altura de Baamonde, en dirección Santiago/Coruña, na saída 522B e en dirección Lugo/Madrid, na saída 522AB.

Segundo: Solicitar ao Ministerio de Fomento, e á Unidade de Estradas do Estado en Lugo, como tamén á Subdelegación de Goberno en Lugo a incorporación na sinalización vertical azul o municipio de Viveiro na Autovía do Cantábrico (A-8), en dirección Vilalba/Lugo/A Coruña, á altura da saída 506.



Terceiro: Solicitar ao Ministerio de Fomento, e á Unidade de Estradas do Estado en Lugo, como tamén á Subdelegación de Goberno en Lugo a incorporación na sinalización vertical branca o municipio de Viveiro na Autovía do Cantábrico (A-8), en dirección Vilalba /A Coruña, na saída 524.

Cuarto: Solicitar ao Ministerio de Fomento, e á Unidade de Estradas do Estado en Lugo, como tamén á Subdelegación de Goberno en Lugo a incorporación na sinalización vertical branca o municipio de Viveiro na Autovía do Cantábrico (A-8), en dirección Ribadeo/Oviedo, na saída 575.

Quinto: Solicitar ao Ministerio de Fomento, e á Unidade de Estradas do Estado en Lugo, como tamén á Subdelegación de Goberno en Lugo a incorporación na sinalización vertical branca o municipio de Viveiro na Autovía do Cantábrico (A-8), á saída cara a rotonda, no termo municipal de Vilalba.

Sexto: Dar traslado do presente acordo ao Ministerio de Fomento, á Unidade de Estradas do Estado en Lugo e á Subdelegación de Goberno en Lugo.”

Procédese pola Sra. Alcaldesa á apertura do debate.

Intervén a Sra. Alcaldesa, para dicir que en diversas ocasións se presentaron mocións para sinalizar Viveiro, polo que xa se leva moitos anos con esta cuestión. Apunta que agora se promoveu polo BNG, co apoio de varios sectores do Concello e engade que considerou importante apoialo porque entende que todos están a favor de que se sinalice o Concello. Procede á lectura dos puntos que se propón aprobar polo Pleno.

Intervén D. Antonio Bouza Rodil en representación do grupo do P.P. para dicir que o seu grupo está de acordo con esta moción. Apunta que o seu grupo xa se preocupou por esta cuestión e no pleno do 3 de abril de 2014 xa se presentaba unha moción para a sinalización nos enlaces da A-8, e agora con bo criterio engádense os enlaces da A-6. Sinala os tramos inaugurados no 2008 cando gobernaba o P.S.O.E en Madrid e o bipartito na Xunta. Apunta que no 2014 a moción presentada aprobouse por unanimidade e pedíase que se dera traslado da mesma, que entende que se faría. Pola súa parte sinala que a resposta que tivo naquel momento o grupo do P.P. foi que a lexislación que había non permitía a sinalización, pero non saben cal foi a contestación oficial ao Concello. Manifesta que o seu grupo se pon á disposición da Alcaldía para facer as xestións que considere oportunas, apuntando que o Sr. Fernández cando era independente pedía a creación de comisións e ir todos os portavoces a reivindicar, aínda que agora non teña tantas ansias reivindicativas.

Intervén D. Manuel Galdo Dopico, concelleiro non adscrito, para dicir que está de acordo. Sinala que aínda que se inaugurou co bipartito, éste saliu do goberno da Xunta no 2009, polo que non considera lóxico culpar deste asunto ao bipartito. Engade que nos tempos actuais e cos medios técnicos que hai para viaxar non cree que se perda moita xente, aínda que sí é importante a sinalización. Apunta que deben terse en conta as vías que comunican Viveiro co resto de localidades, das que a maioría se atopan nun estado moi deficiente, ao que se suma a falta de variante e a deficiencia de liñas férreas, polo que aínda que se indique se non se solventan as vías de comunicación non é fácil chegar, e este feito sitúa a Viveiro nas peores comunicadas da Comunidade Autónoma,



xa que un pobo ben indicado non é un pobo ben comunicado, polo que lle gustaría que nos orzamentos do Estado e da Xunta se establecese consignación para estas obras.

Intervén o concelleiro D. Marcos Besada Álvarez, concelleiro de Son Viveiro, integrante do Grupo Mixto, para dicir que está a favor desta moción, xa que hai carencias de sinalización, tamén afecta a Viveiro a rebaixa de servizos de Feve, engadindo que unha viaxe á capital da provincia supón unhas dúas horas e media.

Intervén a Sra. Alcaldesa para dicirlle ao portavoz do P.P. que ese ímpetu que amosa tamén o debería ter coa VAC e para a tirada dos galpóns do muelle, e pídlle que vaia co equipo de goberno para eses asuntos e non que sexa o alcalde de Xove quen o pida.

Intervén D. Antonio Bouza Rodil en representación do grupo do P.P. para dicir que o seu grupo está disposto a acompañar á Sra. Alcaldesa a onde faga falta xa que entende que é certo que as infraestructuras de comunicación son deficitarias, recalca que irán cando queira, pero para iso sinala que primeiro ten que ir a Alcaldesa, e coa inauguración do tramo da VAC deu a espantada por resposta.

Intervén a Sra. Alcaldesa para dicir que debe terse un pouco de respecto xa que a veces o equipo de goberno entérase dalgún acto da Xunta pola prensa, e o grupo do P.P. nalgunha ocasión xa anuncia feitos como o trasvase da praia de Covas que a día de hoxe aínda non se fixo.

Intervén D. Antonio Bouza Rodil en representación do grupo do P.P. para dicir que se a Xunta non comunica algún acto á Alcaldía será a Alcaldesa quen terá que poñelo de manifesto, xa que o grupo do P.P. non é quen para dicirlle a ningunha administración como debe actuar. Engade que a veces ter información de primeira man leva a contar con datos erróneos.

Non existindo máis debate sobre este asunto, procédese á votación, acordándose por unanimidade dos presentes a adopción do seguinte acordo:

Primeiro: Solicitar ao Ministerio de Fomento, e á Unidade de Estradas do Estado en Lugo, como tamén á Subdelegación de Goberno en Lugo a sinalización do municipio de Viveiro na Autovía do Noroeste (A-6), á altura de Baamonde, en dirección Santiago/Coruña, na saída 522B e en dirección Lugo/Madrid, na saída 522AB.

Segundo: Solicitar ao Ministerio de Fomento, e á Unidade de Estradas do Estado en Lugo, como tamén á Subdelegación de Goberno en Lugo a incorporación na sinalización vertical azul o municipio de Viveiro na Autovía do Cantábrico (A-8), en dirección Vilalba/Lugo/A Coruña, á altura da saída 506.

Terceiro: Solicitar ao Ministerio de Fomento, e á Unidade de Estradas do Estado en Lugo, como tamén á Subdelegación de Goberno en Lugo a incorporación na sinalización vertical branca o municipio de Viveiro na Autovía do Cantábrico (A-8), en dirección Vilalba /A Coruña, na saída 524.



Cuarto: Solicitar ao Ministerio de Fomento, e á Unidade de Estradas do Estado en Lugo, como tamén á Subdelegación de Goberno en Lugo a incorporación na sinalización vertical branca o municipio de Viveiro na Autovía do Cantábrico (A-8), en dirección Ribadeo/Oviedo, na saída 575.

Quinto: Solicitar ao Ministerio de Fomento, e á Unidade de Estradas do Estado en Lugo, como tamén á Subdelegación de Goberno en Lugo a incorporación na sinalización vertical branca o municipio de Viveiro na Autovía do Cantábrico (A-8), á saída cara a rotonda, no termo municipal de Vilalba.

Sexto: Dar traslado do presente acordo ao Ministerio de Fomento, á Unidade de Estradas do Estado en Lugo e á Subdelegación de Goberno en Lugo.

2.- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO P.P. PARA IMPULSAR UN ACORDO URXENTE ENTRE OS GRUPOS PARLAMENTARIOS NO CONGRESO DOS DIPUTADOS PARA A TRAMITACIÓN E APROBACIÓN DOS PRESUPOSTOS XERAIS DO ESTADO DE 2017.

Intervén a Sra. Alcaldesa para darlle a palabra ao Grupo Municipal do P.P.

Intervén D. Antonio Bouza Rodil, en representación do Grupo Municipal do P.P., que procede á lectura da moción para impulsar un acordo urxente entre os grupos parlamentarios no congreso dos deputados para a tramitación e aprobación dos presupostos xerais do Estado de 2017, que propón ao pleno a adopción dos seguintes acordos:

“PRIMEIRO. Sentar as bases e alcanzar os acordos necesarios que permitan chegar á aprobación definitiva da Lei de Presupostos Xerais do Estado para o exercicio 2017.

SEGUNDO. Impulsar un amplo acordo para lograr a reforma da financiación local que cumpla coas expectativas dos gobernos locais reclamadas dende fai tempo.

Para o seu coñecemento acórdase finalmente, trasladar esta petición á Vicepresidencia do Goberno de Espala, ó Ministerio de Facenda e Función Pública, ós Portavoces dos Grupos Parlamentarios do congreso e do Senado e á Xunta de Goberno da FEGAMP.”

Procédese pola Sra. Alcaldesa á apertura do debate.

Intervén a Sra. Alcaldesa pra dicir que cree recordar que nunha moción por parte do P.P. díxose que non debían traerse ao Pleno mocións xenéricas cando non dependen eses acordos do Concello. Engade que a Lei 27/2013 á que se fai referencia na moción tampouco foi a panacea, cando o TC declarou inconstitucional algúns artigos. Sinala que o P.P. está pedindo algo que él non fai, indicando que nos orzamentos anteriores o grupo de goberno chegou a acordos cos non adscritos, pero co P.P. nunca pode chegarse



a nada porque sempre votan en contra dos orzamentos polo que están pedindo algo que non cumpren. Respecto ao segundo punto da moción sinala que tampouco especifica nada polo que adianta que van votar en contra.

Intervén D. Bernardo Fraga Galdo, concelleiro non adscrito, para dicir que entende que a moción fala dos orzamentos do Estado, pero xa que sae o tema dos orzamentos do Concello apunta que aínda non se conta cos mesmos e que están fóra de prazo, e que non valen excusas de que os do Estado non están, sendo ésta unha forma de xestionar do P.S.O.E. dende hai anos. Adianta a súa abstención posto que se trata dunha moción xenérica, tal e como dixo o P.P. por activa e por pasiva. Indícalle ó grupo do P.P. que hai datos da moción que deberían estudiarse, posto que a débeda do Estado é do 150% do PIB e a esta débeda estase duplicando.

Intervén a Sra. Alcaldesa para aclarar que pola súa parte nunca se puxeron excusas cos orzamentos do Estado.

Intervén o concelleiro D. Marcos Besada Álvarez, concelleiro de Son Viveiro, integrante do Grupo Mixto, para dicir que se trata dunha moción xenérica sobre algo que o Concello non ten potestade e resalta a falta de entendemento no Concello para traer os orzamentos.

Intervén D. Antonio Bouza Rodil, en representación do Grupo Municipal do P.P. para dicir que é certo que ante mocións xenéricas hai pouco que dicir polo Concello. Indica que neste caso só se está a pedir que os grupos parlamentarios teñan algo de sentido común e o usen, non se pide que aproben sen máis uns orzamentos que presente o grupo parlamentario do P.P., resaltando que os orzamentos estatais inflúen en moitos aspectos. Respecto á intervención da Sra. Alcaldesa cando dicía que o grupo do P.P. se opoñía resalta que nunca chegan a tempo, e indica que os do 2014 se presentaron en setembro, os do 2015 en xullo e os do 2016 a finais de decembro do ano anterior. Os do 2017 só se sabe que se están facendo. Engade que o ano pasado foi a primeira vez que se deu opción ós grupos a aportar algo, e respecto ás aportacións do P.P. díxose a todo que non. Entende que algunha cuestión como por exemplo a convocatoria duna praza de policía local podía ser que tivese problemas económicos, pero hai algunha cuestión que só dependía da vontade do equipo de goberno, e coas que a Alcaldesa se comprometeu, como era a creación dunha comisión para establecer baremos obxectivos para as axudas ás entidades deportivas e non se fixo, polo tanto non pode pretender que se apoiem os orzamentos. Di que no 2015 pediuse que os orzamentos de 2016 se entregasen antes de setembro para estudialos e tampouco se fixo, no 2017 igual, polo que ven que a Sra. Alcaldesa non lles dá importancia aos orzamentos.

Intervén a Sra. Alcaldesa pra dicir que o Concello sí que conta con orzamentos, prorrogados, pero ten orzamentos. Apunta que lle gustaría telos en decembro pero non puido ser así. Engade que se fixo unha comisión e se explicou nela polo concelleiro de facenda a situación, xa que houbo que pagar medio millón de euros de sentencias que veñen da época do P.P.e se non fose iso ó mellor xa podían terse antes os orzamentos.



As sentenzas que foron chegando descadraban os orzamentos por iso non puideron traerse antes pero levaranse en breve, e pide que non se intente manipular.

Intervén D. Antonio Bouza Rodil, en representación do Grupo Municipal do P.P. para dicir que os datos que se sinalaron son obxectivos. Respecto ás sentencias que se pagaron da época do P.P. indica que non se lle responsabilice a él e que as sentenzas que ten que pagar o Concello son sentenzas do Concello, apuntando que tamén houbo que pagar o pago a provedores.

Intervén D. Bernardo Fraga Galdo, concelleiro non adscrito, para dicirlle ao Sr. Bouza que pode ir ao Estado a manifestar estas cuestións e as súas palabras representaranos, entendendo que sería máis efectivo que enviar unha cartas que os grupos parlamentarios meterán nun caixón. Sinala que é certo que hai orzamentos prorrogados, e que polo tanto non están actualizados, indicando que se estivesen aprobados e chegase unha sentenza habería que facer unha modificación, xa que non é un problema ter os orzamentos aprobados e que chegue un gasto extraordinario, xa que tampouco ninguén se escandaliza cando chega un ingreso extraordinario, e reitera que o grupo do P.S.O.E. dende sempre non ven aprobando os orzamentos en tempo e forma.

Intervén o concelleiro D. Marcos Besada Álvarez, concelleiro de Son Viveiro, integrante do Grupo Mixto, para dicir que traía unha pregunta ao pleno sobre os orzamentos, xa que lle preocupa este asunto e está a expensas de ser chamado para tratar sobre o mesmo.

Intervén a Sra. Alcaldesa pra dicir que o Concello paga as facturas e non se está endebedando máis, xa que a débeda segue baixando, polo que éste tamén é un exercizo de responsabilidade que non se reflexa, indicando que o Concello ten un plan de redución de débeda.

Intervén D. Bernardo Fraga Galdo, concelleiro non adscrito, para indicar que o plan de redución de débeda é obrigatorio para o Concello.

Non existindo máis debate sobre este asunto, procédese á votación, acordándose, con 4 votos a favor, correspondentes ao grupo do P.P., 4 abstencións, correspondentes aos tres concelleiros non adscritos e ao concelleiro de Son Viveiro, integrante do grupo mixto e 7 votos en contra, correspondentes ao grupo do P.S.O.E., rexeitar a moción presentada polo grupo do P.P. para impulsar un acordo urxente entre os grupos parlamentarios no congreso dos deputados para a tramitación e aprobación dos presupostos xerais do Estado de 2017.

3.- MOCIÓN DO CONCELLEIRO DE SON VIVEIRO, INTEGRANTE DO GRUPO MIXTO, PARA FACILITARLLE Á CIDADANÍA A DEVOLUCIÓN DAS CLÁUSULAS SOLO.



Intervén a Sra. Alcaldesa para darlle a palabra ao concelleiro de Son Viveiro, integrante do Grupo Mixto.

Intervén D. Marcos Besada Álvarez, concelleiro de Son Viveiro, integrante do Grupo Mixto, que procede á lectura da moción para facilitarlle á cidadanía a devolución das cláusulas solo, que propón ao pleno a adopción dos seguintes acordos:

“1. O Concello establecerá na Oficina Municipal de Información ao Consumidor un dispositivo extraordinario de asesoramento á cidadanía para comunicarlle ás posibles persoas afectadas se a hipoteca da súa vivenda contén cláusulas solo e, se procede, os pasos a seguir para recuperar o diñeiro inxustamente pagado á entidade de aforro coa que foi suscrita a mesma.

2. Acórdase instar á Deputación Provincial para que asesore e colabore cos servizos municipais que se creen na provincia.”

Procédese pola Sra. Alcaldesa á apertura do debate.

Intervén o concelleiro de facenda, D. Jesús Fernández Fernández, para sinalar que a Oficina Municipal de Información ao Consumidor do Concello de Viveiro, creada en 1986 e dependente do Instituto Galego de Consumo, é un servizo público gratuito que o concello presta aos seus veciños para que poidan exercer adecuadamente os seus dereitos fundamentais como consumidores de produtos e usuarios de servizos, solucionar e ofrecer respostas as queixas, dúbidas, denuncias e reclamacións, así como mediar ante un conflito de consumo e formar en ditas materiais. Trátase dun servizo fundamental e moi demandado, como demostran os datos de consultas e reclamacións tramitadas nos últimos anos: 270 consultas e 119 reclamacións en 2015 ou 120 consultas e 18 reclamacións en 2016, por exemplo. Toda esta información, as actividades, denuncias, consultas e mediacións das reclamacións realizadas quedan rexistradas no programa Saconet, empregado por todas as oficinas municipais de consumo de Galicia. Sinala que quere dicir, con isto, que a oficina municipal de información ao consumidor xa está a realizar, en xeral, un extraordinario traballo de información e asesoramento. Pero neste sentido cómpre ter en conta, tamén, que as reclamacións en ámbito dos servizos financeiros non son competencia do Instituto Galego de Consumo, agás en casos excepcionais nos que a entidade decida acollerse á mediación e ás xuntas arbitrais de consumo, como foi por exemplo nas participacións preferentes e nas obrigas subordinadas de Caixa Galicia; neste senso, o Concello de Viveiro atendeu aos afectados por participacións preferentes e obrigas subordinadas e tramitou, só para Nova Galicia Banco, moitos expedientes de participacións preferentes e de obrigas subordinadas, de veciños pertencentes a 18 concellos distintos e por un importe total de 6.415.251,07 euros. Indica que os organismos supervisores do sistema financeiro español son o Banco de España, a Comisión Nacional de Mercados e Valores e a Dirección Xeral de Seguros e Fondos de Pensións. Engade que hai que facer referencia ao Real Decreto-Lei 1/2017, de 20 de xaneiro, de medidas urxentes de protección de consumidores en materia de cláusulas suelo. Consideramos que se trata dun texto ambiguo, que deixa moito á interpretación e no que os prazos quedan no aire; estas circunstancias fan que salvagarde os intereses dos servizos financeiros e non dos



consumidores. Di que non contempla sancións para as entidades e non as obriga a nada; elimina, ademais, o segundo paso que estaba en vigor ata a sentenza de 21 de decembro de 2016, referido á solicitude de información ao Banco de España con respecto ás cláusulas chan, deixando este paso vixente para o resto de reclamación a entidades bancarias. Sinala que entende que este Real Decreto non acaba de definir o fallo da sentenza en canto ao concepto de cláusula abusiva e cremos que o deixa a elección das propias entidades, para que sexan elas as que valoren este circunstancia, polo que tememos que moitos casos acabarán, como estaban rematando ata a última sentenza, nos tribunais ordinarios. Engade que no propio decreto se insta ás entidades financieras a crear as ferramentas para facilitar á cidadanía estas reclamacións. Resalta que a ambigüidade ou falta de concreción neste tema non afecta só ao Real Decreto. Na web do Instituto Galego de Consumo, antes da publicación do Real Decreto Lei 1/2017, había colgada unha circular na que direccionaban aos consumidores ás Oficinas Municipais de Consumo, pero posteriormente foi substituída por outra circular na que non se fai ningunha referencia ás OMICs. Neste sentido, o Instituto Galego de Consumo informa dos pasos a seguir e facilita uns modelos de reclamación para reclamar as cláusulas suelo e os gastos de formalización da hipoteca; de momento non realiza cálculos sobre a devolución de cláusula suelo. Con respecto aos cálculo das contías que correspondería devolver, existen en Internet aplicacións de realizan estes cálculos pero que, segundo o Instituto Galego de Consumo, non son fiables e nas OMIC tampouco dispoñen da información e ferramentas necesarias para asesorar sobre este aspecto aos consumidores. Cómpre sinalar ao respecto que na charla que tivo lugar o 3 de marzo en Celeiro, organizada pola Xunta de Galicia, se prometeu que se ía colgar un simulador na súa web, para realizar o cálculo de hipotecas, pero a día de hoxe aínda non hai nada. Di que, tras deixar claro cal é a situación na que nos atopamos, quere dar conta do se está facendo ao respecto no Concello de Viveiro indicando que a responsable da OMIC, Guadalupe López, e mais él acudiron á xuntanza celebrada no Edificio Administrativo da Xunta de Galicia en Lugo o 11 de xaneiro, na que participaron a Directora Xeral de Consumo e técnicos na materia e na que se informou aos concellos presentes, ata esa data e a expensas da publicación do Real Decreto, dos mecanismos existentes para solicitar a eliminación a cláusula chan, quedando pendente o tema das reclamacións por gastos de formalización. De feito, na web consumo.xunta.gal hai un apartado específico onde indica as directrices a seguir nestes casos, con formularios de solicitude válidos para presentar nas entidades bancarias. Engade que asistiron, ademais, a reunión informativa que tivo lugar en Viveiro, convocada por unha asociación cultural, e a responsable da oficina tamén asistiu á reunión que tivo lugar o 3 de marzo, en Celeiro, convocada pola Delegación Territorial da Xunta de Galicia en Lugo. Continúa sinalando que a responsable da OMIC elaborou un formulario de rexistro específico para este tema e, dende xaneiro, ten presentadas 49 solicitudes (aínda que se atenderon moitas máis, pois neste cómputo non entran as consultas telefónicas nin as realizadas por aquelas persoas que non queren facilitar os seus datos); a encargada da oficina encárgase de informar a estas persoas das novidades que se van producindo. Neste sentido, manifesta que cómpre indicar que a propia Dirección Xeral de Consumo, a modo particular, fixo referencia a boa labor da OMIC de Viveiro. Apunta que en base a todo o manifestado, debe concluír que:



- non consta de que o Instituto Galego de Consumo vai crear ningún servizo municipal especial para este asunto.

- o Concello de Viveiro fixo os deberes dende o principio e continuaremos ofrecendo a todos os veciños, como non podía ser doutro xeito, a información e o asesoramente necesario a través da OMIC, tal e como vimos facenda, moito antes de que vostede trouxera esta moción.

Engade que, deixando constar en acta que xa están prestando o servizo de asesoramente referido, votarán a favor desta moción.

Intervén D. Antonio Bouza Rodil, en representación do Grupo Municipal do P.P., para dicir que están de acordo con todo o que sexa apoiar ao cidadán. Engade que xa se imaxinaban que dende a OMIC se estaría facendo esta labor. Engade que a ferramenta existente ten lagunas, pero serve de axuda. Apunta que estivo na reunión do 3 de marzo e que ese Real Decreto recolle aspectos moi importantes, xa que esta vía é voluntaria podendo os consumidores decidir acudir a ela ou non, é unha vía rápida, o banco ten obrigatoriedade de contestar se acepta ou non, é gratuita e a devolución debe ser en efectivo a excepción de que se pacte outro xeito co consumidor, e ademáis evita o colapso dos xulgados. Manifesta que dende o goberno se estableceu este mecanismo, que a Xunta está informando e a OMIC tamén, polo que sinala que van apoiar a moción, aínda que consideran que a día de hoxe o cidadán ten moitos mecanismos onde acudir, incluso cun número de teléfono onde chamar para calquer dúbida.

Intervén D. Marcos Besada Álvarez, concelleiro de Son Viveiro, integrante do Grupo Mixto, para dicir que cada hipoteca ten uns detalles e unhas características concretas, polo que cada caso é particular e precisa dun asesoramento propio. Engade que non todos os cidadáns teñen acceso a internet nin teñen as mesmas posibilidades de acceder á información. Engade que é innegable que a OMIC funciona, pero só se facilitan formularios para entregar no banco, sen saber os cidadáns canto lles terán que devolver, polo que o que se pretende é pedir un plus a maiores para casos complexos, xa que a eses casos complexos non se lles está dando boas respostas dende a OMIC.

Intervén o concelleiro de facenda, D. Jesús Fernández Fernández, para dicir que unha cousa é o mecanismo de funcionamento e outra o que pase logo na entidade bancaria. Sinala que antes de saír esta sentenza, cando xa había outra que obrigaba a tres entidades bancarias, él mesmo lle axudou a varios cidadáns a preparar os escritos para presentar no banco. Engade que ademáis dos formularios que pola Dirección Xeral de Consumo se puxeron á disposición dos consumidores, ás entidades bancarias déronlles un mes para facer os seus propios formularios, indicando que él recomenda usar o de consumo, porque os das entidades recollen unha coletilla sobre a reclamación xudicial. Apunta así mesmo que a cláusula recollida nas hipotecas non en todos os supostos será abusiva, polo que cada suposto é particular.

Intervén D. Marcos Besada Álvarez, concelleiro de Son Viveiro, integrante do Grupo Mixto para dicir que o que se pretende é que haxa un asesoramento claro para todos os supostos.



Non existindo máis debate sobre este asunto, procédese á votación, acordándose por unanimidade dos presentes a adopción do seguinte acordo:

1. O Concello establecerá na Oficina Municipal de Información ao Consumidor un dispositivo extraordinario de asesoramento á cidadanía para comunicarlle ás posibles persoas afectadas se a hipoteca da súa vivenda contén cláusulas solo e, se procede, os pasos a seguir para recuperar o diñeiro inxustamente pagado á entidade de aforro coa que foi suscrita a mesma.

2. Acórdase instar á Deputación Provincial para que asesore e colabore cos servizos municipais que se creen na provincia.

3ª PARTE:

PARTE DE CONTROL

1.- DACIÓN DE CONTA DE RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA.

A Sra. Alcaldesa dá conta das Resolucións dictadas pola Alcaldía, que se recollen no expediente do presente de pleno (expte 947/2017), as cales estiveron á disposición dos Concelleiros coa restante documentación integrante do Pleno.

Non se producen intervencións dándose por informado o Pleno da Corporación.

2.- DACIÓN DE CONTA DA AVALIACIÓN DO CUMPRIMENTO DO OBXECTIVO DE ESTABILIDADE PRESUPOSTARIA, DA REGRA DE GASTO, DO LÍMITE DE DÉBEDA PÚBLICA E DO PERIODO MEDIO DE PAGO CON MOTIVO DA APROBACIÓN DA LIQUIDACIÓN DO ORZAMENTO XERAL DO CONCELLO DE VIVEIRO DO ANO 2016 E DACIÓN DE CONTA DO INFORME DE SEGUIMENTO DO PEF.

Dase conta da avaliación do cumprimento do obxectivo de estabilidade presupostaria, da regra de gasto, do límite de débeda pública e do periodo medio de pago con motivo da aprobación da liquidación do orzamento xeral do Concello de Viveiro do ano 2016 e dación de conta do informe de seguimento do pef.

Non se producen intervencións, dándose por informado o Pleno da Corporación.



3.- ROGOS E PREGUNTAS.

ROGOS PRESENTADOS POLO GRUPO MUNICIPAL DO P.P. EN DATA 15-02-2017 (Nº DE REXISTRO 2017-E-RC 813):

M^a Cristina Goás Fernández, en representación do Grupo Municipal Popular de Viveiro, realiza á Sra. Alcaldesa da Corporación, o seguinte ROGO:

“ O pasado 18 de xaneiro firmábase un convenio entre a FEGAMP e as enerxéticas para garantir a subministración de luz e gas nos fogares vulnerables, tal e como aparecía recollido en distintos medios de comunicación.

Dito convenio crea unha canle de comunicación de dobre vía entre os servizos sociais dos concellos e as propias empresas suministradoras de luz e gas, co obxectivo de garantir a súa subministración nos domicilios onde non é posible facer fronte ao pagamento das facturas. Esta adhesión enmarcaríase dentro das políticas sociais do Concello.

Por este motivo lle ROGAMOS á Sra. Alcaldesa a adhesión do noso concello ó mencionado convenio”.

Intervén a Sra. Alcaldesa para dicir que este rogo xa foi cumprimentado no día de hoxe, ao acordarse nesta sesión plenaria a adhesión ao convenio referido. Con todo, fai constar que a inclusión deste punto na orde do día teríase feito aínda que non se presentase este rogo, pois o concello estaba realizando os trámites oportunos antes de que entrase esta petición o pasado 15 de febreiro. O concello recibiu a información relativa a este convenio a finais de xaneiro, mediante un correo electrónico e un fax remitidos pola FEGAMP o venres 20 de xaneiro e o luns 23 de xaneiro, respectivamente. Esta información foi remitida aos técnicos correspondentes co fin de comprobar a viabilidade da adhesión e emitir os informes necesarios, tendo en conta que con este trámite o concello se compromete a unha serie de obrigas, entre elas, económicas, que se especifican no propio convenio. Por este motivo e tendo en conta, ademais, que se trata dun asunto que require do ditame da Comisión Informativa de Benestar Social, resultou de todo inviable que fose incluído na orde do día do pleno de febreiro, que foi convocado o 27 de xaneiro.

ROGOS PRESENTADOS POLO GRUPO MUNICIPAL DO P.P. EN DATA 20-02-2017 (Nº DE REXISTRO 2017-E-RC 923):

Celestino García Paz, en representación do Grupo Municipal Popular de Viveiro, realiza á Sra. Alcaldesa da Corporación, os seguintes ROGOS:

“1 - Na parroquia de Magazos entre a estrada LU-P-6611 e a LU-P-6604 Km 0 , ambas de competencia da Diputación Provincial , hai un lavadoiro público que na primeira estrada



(LU-P-6611) está protexido por un quitamedos , mentres que pola segunda estrada (LU-P-6604 dirección cemiterio e Iglesia) non hai quitamedos, co conseguinte perigo tanto para os veciños que o usan como para os automovilistas que circulan por este lugar.

Por este motivo e unha vez mais a petición dalgúns veciños e polo que lle ROGAMOS ó equipo de goberno que faga as xestións oportunas coa administración correspondente, para a colocación dun quitamedos na estrada LU-P-6604, tentando mellorar así a seguridade tanto para os veciños como para os automovilistas .”

Intervén a Sra. Alcaldesa para dicir que se remitirá este rogo á Deputación Provincial, como titulares do vial referido, para que estuden e tramiten, se procede, o solicitado.

“2 - Na parroquia de Covas na rúa Os Castelos (vivendas sociais) existe unha zona reservada de aparcamento para vehículos de minusválidos, e que según algúns veciños hai vehículos de propietarios con ou sin licencia que a ocupan durante varias horas o que impide que outros usuarios na mesma situación, incluso ambulancias, a poidan usar.

Por este motivo lle ROGAMOS ó equipo de goberno local a colocación dun sinal de minusválidos onde se fixe o tempo limitado para a utilización de dito aparcamento.”

Intervén a Sra. Alcaldesa para dicir que se trasladará unha copia deste rogo á Policía Local para que teña coñecemento das queixas referidas á ocupación desa praza de estacionamento para persoas con minusvalía durante horas ou, incluso, por persoas sen autorización, para que se emita o informe correspondente e se adopten as medidas oportunas.

PREGUNTAS PRESENTADAS POLO GRUPO MUNICIPAL DO P.P. EN DATA 20-02-2017 (Nº DE REXISTRO 2017-E-RC 922):

D. Celestino García Paz, en representación do Grupo Municipal Popular de Viveiro, realiza á Sra. Alcaldesa da Corporación, as seguintes PREGUNTAS:

“Na ponte romana da Misericordia os barrotes de ferro forxado están oxidados e as barandillas moi deterioradas nalgúns zonas. Este mal estado dos elementos mencionados contrasta coa boa imaxe que queremos dar da nosa cidade e dun concello turístico como o noso. Tanto os veciños de Viveiro como os que nos visitan poden comprobar este lamentable estado dado que a ponte é unha das entradas principais a Viveiro.

Queremos recordar que o noso grupo municipal fixo un rogo por este mesmo motivo no pleno de setembro de 2015, sendo a resposta da Sra. Alcaldesa de que eran conscientes da situación e que o seu arranxo era unha das actuacións prioritarias pendentes, así como que xa se comprara o material para sustituila. Desde entón e salvo uns pequenos traballos que se fixeron na barandilla ó lado da cruz de pedra e a reparación dalgúns barrotes, a súa situación sigue sendo penosa.

Por eso lle PREGUNTAMOS á Sra Alcaldesa:

1 – Teñen previsto pintar e sanear os barrotes e a barandilla da ponte da Misericordia?



2 -*En caso afirmativo, cando pensa facelo?*”

Intervén a Sra. Alcaldesa para contestar que, o concello é coñecedor da situación á que se fai referencia e, evidentemente, ten intención de correxila. Os barrotes de ferro forxado están oxidados e as barandillas atópanse deterioradas, polo que se está valorando a posibilidade de substituílos por outro material. Con todo, tendo en conta os trámites que este concello está a realizar con respecto ao tajamar da ponte, estase estudando a posibilidade de realizar unha actuación máis ampla para sanear ambos elementos. Os técnicos municipais realizaron un informe e xa se contactou con Patrimonio para dar conta da situación e coñecer os pasos a seguir; ademais, estase realizando un valoración económica para coñecer cal é importe necesario para esta intervención. Cando conclúan os trámites referidos, decidirase se procede realizar os arranxos referidos en dúas fases ou se, solicitando algunha axuda a outra administración, se pode realizar unha actuación conxunta que permita sanear de forma íntegra a Ponte da Misericordia. Con independencia disto, ante a proximidade da Semana Santa e o inicio do período estival e, ademais, por seguridade, este concello xa está realizando pequenos arranxos e labores de conservación na barandilla.

PREGUNTAS PRESENTADAS POLO GRUPO MUNICIPAL DO P.P. EN DATA 22-02-2017 (Nº DE REXISTRO 2017-E-RC 1018):

D. Antonio Bouza Rodil, en representación do Grupo Municipal Popular de Viveiro, realiza á Sra. Alcaldesa da Corporación, as seguintes PREGUNTAS:

“No pasado pleno do 1 de febreiro aprobábase (cos votos a favor do P.P. e os non adscritos e a abstención do PSOE e SON Viveiro) unha moción para que o clube do Mar de fútbol de Celeiro, xogase nas instalacións de Lavandeiras a partires da tempada 17/18.

Como queira que hai que efectuar unha serie de arranxos na instalación para axeitala a práctica da competición futbolística, dende o nos grupo proponíamos que se solicitase unha subvención con cargo a ORDE do 30 de decembro de 2016 pola que se establecen as bases reguladoras e se convocan subvencións para a creación e/ou mellora das infraestructuras, dotacións, instalacións e equipamentos vinculados á prestación de servizos municipais, en concreto sinalábamos o seu artigo 1, apartado e) Construcción, mellora, ampliación ou rehabilitación de instalacións deportivas de uso público e/ou dotación de equipamentos das referidas instalacións.

Dado que a citada orde se publicou no DOG do 20 de xaneiro, e o prazo de solicitude era dun mes a partir do día seguinte da súa publicación, e como queira que xa transcorreu ese prazo e polo que lle PREGUNTAMOS á Sra. Alcaldesa:

- 1) *Solicitou dita subvención?*
- 2) *En caso afirmativo, vai destinada a acometer as actuacións necesarias para adecuar as instalacións de Lavandeiras a práctica da competición futbolística?*



3) *Si non se solicitou, cales foron os motivos?*

Intervén a Sra. Alcaldesa para contestar que, o concello, no caso da Orde do 30 de decembro de 2016, referida a subvencións para a creación e/ou mellora das infraestruturas, dotacións, instalacións e equipamentos vinculados á prestación de servizos municipais, solicitouse para o proxecto denominado “Reposición y mejora del firme en las calles denominadas Rego das Frores, Alonso Pérez y Jesús Noya en el núcleo urbano de Viveiro”.

Nese mesmo pleno do 1 de febreiro, presentábase un rogo para que se solicitase outra subvención dacordo coa RESOLUCIÓN do 29 de decembro de 2016 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, de subvencións a entidades locais para o fomento da accesibilidade e sinalización dos recursos turísticos no medio rural, cofinanciadas co Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader) no marco do PDR de Galicia 2014-2020, e se anunciaba a convocatoria para o ano 2017.

Dita resolución tamén saía publicada no DOG o 20 de xaneiro, sendo o prazo de solicitude dun mes a partir do día seguinte da súa publicación. Como queira que o prazo transcurriu e polo que lle PREGUNTAMOS á Sra. Alcaldesa:

- 1) *Solicitou dita subvención?*
- 2) *En caso afirmativo, para que proxecto ou proxectos se solicitou?*
- 3) *Si non se solicitou, cales foron os motivos?”*

Intervén a Sra. Alcaldesa para contestar que, o concello, no caso da Resolución de 29 de decembre de 2016, referida a subvencións o fomento da accesibilidade e sinalización dos recursos turísticos no medio rural, solicitouse para o proxecto denominado “Proyecto de señalización de la ruta de senderismo denominada “Ruta Penedo do Galo” en el Concello de Viveiro (Lugo)”.

ROGOS PRESENTADOS POLO GRUPO MUNICIPAL DO P.P. EN DATA 10-03-2017 (Nº DE REXISTRO 2017-E-RC 1344):

D. Antonio Bouza Rodil, en representación do Grupo Municipal Popular de Viveiro, realiza á Sra. Alcaldesa da Corporación, os seguintes ROGOS:

“O un de febreiro deste ano dábanse a coñecer os datos do estudio “La transparencia pública en la Comunidad Autónoma de Galicia”, realizado pola Asociación Transparencia pública e a Sociedade Civil a través da ferramenta Dyntra e que tamén contou coa colaboración da Universidade de Santiago. Neste estudio evaluábase a transparencia dos municipios galegos de máis de 15.000 habitantes a través de 148 indicadores agrupados en seis categorías.



A tenor dos resultados deste estudio o índice de transparencia, o noso Concello sae moi mal parado, xa que dos 33 concellos de Galicia que superan os 15.000 habitantes, sitúase no posto 28 cumprindo só 19 dos 148 indicadores-un 13%- e sendo por suposto o peor da provincia por detrás de Lugo e Monforte.

Revisando a paxina do Concello de Viveiro aparece o enunciado de sede electrónica, si pinchamos nel aparece unha pestana que pon transparencia con oito apartados que se dividen en 60 subapartados, pero ningún deles ofrece información algunha, atopanse baleiros de información e so aparecen os epígrafes.

Cabe recordar que a Lei 19/2013 de 19 de decembro, de Transparencia, Acceso á Información Pública e Bo Goberno é de obrigado cumprimento para as entidades locais, e no caso do noso Concello constatase que non é así, a pesares dos dous anos de moratoria que se concedeu para poñerse ó día, o que significaría que a un de xaneiro do 2016 esto tería que estar feito, pero como se pode comprobar un ano e pico despois, non acontece así, unha mostra máis da deixadez e a desidia que caracteriza a este equipo de goberno socialista.

Despois de observar todos estes datos que nos convirten nun dos concellos máis opacos de Galicia, non sabemos o que pensará facer a Sra. Alcaldesa para mellorar a transparencia na información que ten que estar a disposición da cidadanía.

Por estes motivos lle ROGAMOS á Sra. Alcaldesa que en aras de que o noso Concello sexa un organismo transparente – onde os cidadáns poidan consultar calquer tipo de información sobre a actividade municipal – e para que se cumpla na súa totalidade coa lei 19/2013 de 9 de decembro, que solucione estas carencias informativas e de acceso á información por parte da cidadanía e que como sinalábamos antes, nos convirten nun dos concellos máis opacos de Galicia entre os que teñen máis de 15.000 habitantes.”

Intevén a Sra. Alcaldesa para dicir que este concello está levando a cabo todas as tarefas previas e necesarias para poder cumprimento á Lei de Transparencia, entre as que é preciso contar con ferramentas adaptadas para este fin, como é o caso da páxina web ou a implantación da sede electrónica. Dentro deste proceso, en 2016 implantouse a sede electrónica e actualizouse a web municipal, incorporando os apartados necesarios para poder incluír a información referida na Lei de Transparencia. No Concello de Viveiro, cunha estrutura complexa e cun amplo número de servizos, resulta imposible que unha única persoa, como viña sucedendo ata o de agora, se poda encargar da publicación da totalidade da información e da súa actualización continúa. Por todo isto, o equipo de goberno prevé traer en breve a este pleno unha ordenanza sobre transparencia e acceso á información pública, da que xa se preparou un primeiro borrador, do que non teño inconveniente en facilitarlles unha copia se así o desexan. A intención da elaboración desta ordenanza é recoller, por materias, ao igual que se vén facendo noutros concellos, a información a publicar, establecendo, así mesmo, cal sería o procedemento a seguir para a súa tramitación.



PREGUNTAS PRESENTADAS POLO CONCELLEIRO DE SON VIVEIRO, INTEGRANTE DO GRUPO MIXTO, EN DATA 09-02-2017 (Nº DE REXISTRO 2017- E- RC 703):

D. Marcos Besada Álvarez, concelleiro de Son Viveiro, integrante do Grupo Mixto presenta a seguinte PREGUNTA relativa á Ordenanza Reguladora do Servizo de Taxi e sobre a Amortización de prazas:

“Dentro do capítulo II, no artigo 26, da recentemente aprobada Ordenanza, no referente aos HORARIOS establece:

- a) Os vehículos adscritos ao servizo de taxi deberán prestar o servizo de maneira continuada, salvo nos supostos de vacacións e descansos, durante as 24 horas do día.*
- b) Coa finalidade de manter o servizo realizaranse quendas de traballo para así contribuir á mellora de atención cidadá e da correcta distribución do traballo asustándose á demanda.*

Os representantes das organizacións municipais representativas do sector presentarán antes do 15 de decembro do ano natural acordo de quendas para o ano seguinte. No acordo presentado deberá cubrirse o servizo na totalidade das paradas reflexadas na presente ordenanza por calquera dos medios permitidos.

No suposto de que os citados non presenten no prazo establecido o acordo de quendas, este será realizado polo Concello e remitido aos representantes das organizacións municipais máis representativas do sector para a súa posta en práctica.

- c) Establécese a obrigatoriedade dun único número de teléfono que garante o servizo.*

Por todo o exposto, formulamos as seguintes Preguntas:

- 1. O servizo de taxis realízase durante as 24 horas?*
- 2. Foi entregado o acordo de quendas?*
- 3. Hai un único número de teléfono?*

En relación coa amortización das prazas tamén queremos realizar dúas preguntas:

- 1. É legal que o Concello asigne unha cantidade negociada co colectivo?*
- 2. Acadouse algún acordo cos representantes das asociacións de taxistas?”*

Intrevén a Sra. Alcaldesa para contestar que, as cuestións ás que se alude nesta pregunta foron tratadas na reunión de voceiros que se convocou para o día 21 de febreiro, á que o concelleiro de Son Viveiro non asistiu por motivos laborais. Nesa xuntanza, na que tamén estivo a Secretaria Municipal, fíxose un balance do cumprimento da Ordenanza Reguladora do Servizo de Taxi e valoráronse as posibles medidas que podería adoptar o concello nos supostos de incumprimento, tendo en conta que o servizo de taxi conta coa autorización para o servizo urbano e interurbano, correspondendo esta última á Xunta de Galicia. Ademais, acordouse convocar unha nova reunión entre os voceiros e os representantes das asociacións de taxis de Viveiro para valorar estas cuestións. Indica que na Asociación de Taxis de Viveiro a día de hoxe non hai directiva, polo que vai haber que convocar a todos os taxistas. Apunta a que non había ningunha queixa oficial no momento desa reunión, e, con posterioridade a este reunión, recibíuse un escrito



dunha das asociacións na que se realiza unha proposta de turnos e horarios que será tratada na reunión referida. Con respecto ás amortizacións, indícalle que asistiu, él ou o seu anterior compañeiro, a varias reunións na que se tratou este tema e debería saber que a amortización é unha facultade que prevé a lei galega de taxis, non recollendo cuantías expresas e remitindo ao valor de mercado, non existindo a día de hoxe acordo algún con respecto a esta cuestión.

PREGUNTAS PRESENTADAS POLO CONCELLEIRO DE SON VIVEIRO, INTEGRANTE DO GRUPO MIXTO, EN DATA 09-02-2017 (Nº DE REXISTRO 2017- E- RC 702):

D. Marcos Besada Álvarez, concelleiro de Son Viveiro, integrante do Grupo Mixto presenta o seguinte ROGO:

“O equipo de goberno non conta coa maioría suficiente necesaria para sacar adiante os Orzamentos pendentes polo que precisa o apoio ao menos dunha das tres formacións que conforman a oposición.

Xuntanzas cos demais grupos municipais servirían para intercambiar a información necesaria coa que esclarecer aspectos relacionados coas conotas públicas, posibilitando a incorporación de propostas e suxestións ao texto en busca de acordos e consensos.

Tendo en conta a escasa representación coa que conta este Grupo necesitamos dispor de tempo suficiente para o estudo e elaboración de propostas co fin de contribuír con aprotacións propias aos citados orzamentos.

Por todo o exposto formulamos as seguintes Preguntas:

- 1. Mantivo o goberno municipal xuntanzas con algún grupo da oposición municipal para tratar este tema?*
- 2. Cando presentarán o Borrador do Orzamento Xeral?*
- 3. Cales son as razóns que impiden a presentación das contas relativas ao presente exercizo a pesares de que o Sr. concelleiro de Facenda afirmaba telas elaboradas a finais de ano?*
- 4. Van convocar o Pleno máis importante do ano en horario que permita asistir aos veciños de Viveiro e non aconteza como no ano 2015, celebrado ás 14:00 horas?”*

Intervén a Sra. Alcaldesa para dicir que, o equipo de goberno xa mantivo unha xuntanza cos voceiros municipais o 25 de novembro de 2016, na que o concelleiro de Son Viveiro estivo presente e na que se comunicaron as liñas fundamentais para o orzamento para o 2017 en base aos capítulos que compoñen tanto o resume de ingresos como o resume de gastos. A partir dese momento, o equipo de goberno continuou traballando co Departamento de Intervención para tratar de ir axustando cada unha das partidas para configurar o presuposto. A previsión inicial era telos presentados antes de final de ano e isto non foi posible pola dificultade para cadrar as contas, debido a diversas



circunstancias, como pode ser a obriga de devolver os préstamos do Plan de Pago a Proveedores e outros créditos existentes, dado que para este exercicio 2017 hai que amortizar arredor de 1,7 millóns de euros. Ademais disto, as sentenzas que se están recibindo, que obrigan ao concello a realizar pagos de cantidades importantes, que desestabilizan a economía municipal, obrigan a realizar os reaxustes necesarios para tratar de atender as obrigas impostas sen deixar de prestar os servizos municipais. Estas son as razóns que xustifican a demora á que se refire o rogo e que impiden determinar a data exacta na que se vai por contar co borrador do orzamento. Indica que non dudan do interese de Son Viveiro pola aprobación do documento municipal máis importante, como son os presupostos, pero lémbrale que dous presupostos, presentados en 2015 e 2016 foron aprobados sen o apoio de Son Viveiro. Finalmente, con respecto ao horario do pleno dos presupostos, indica que as sesións plenarias ordinarias están fixadas para o primeiro mércores de cada mes, ás 20:30 horas; se se convoca algún fóra deste horario, sempre motivado por algunha causa urxente ou extraordinaria. Comprométese a que o pleno dos orzamentos de 2017 será ás 20:30 horas.

E non habendo máis asuntos que tratar, por parte da Sra. Alcaldesa levántase a sesión, sendo as 22.15 do día 15 de marzo de 2017, extendéndose de todo o tratado a presente acta, da que eu, como Secretaria, dou fe.

(DOCUMENTO ASINADO DIXITALMENTE Á MARXE)